

Informe sobre competencia para a protección da legalidade urbanística no suposto de construción de muros de peche que se realicen sen o título habilitante exixible sobre terreos cualificados polo planeamento urbanístico como viario público (Concello de Padrón – Expediente XCP-22/018)

ANTECEDENTES

ÚNICO.- O 07.07.2022 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (Núm. 2022/1778069) oficio do alcalde do Concello de Padrón no que solicita informe á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre o órgano competente para a reposición da legalidade pola construción dun muro de peche no Lugar de Carcacia, sen ter en conta o recuado obrigatorio a viarios, á vista do establecido no artigo 155 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, que sometan á súa consideración as entidades enumeradas no seu artigo 15, entre as que figuran as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Padrón conta con Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 27.07.1994 e publicado no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* o 30.08.1994.

O referido instrumento non está adaptado á *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*, polo que, ao abeiro do previsto no número 2 da disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (LSG), conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as regras recollidas na citada disposición transitoria.

TERCEIRA.- O artigo 155.1 da LSG, na redacción dada pola *Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas*, establece o seguinte:

"1. Aos actos de edificación e uso do solo relacionados no artigo 142.2 que se realicen sen o título habilitante exixible sobre terreos cualificados polo planeamento urbanístico como zonas verdes, espazos libres públicos, viarios ou na zona de protección establecida no artigo 92.1, dotacións ou equipamentos públicos non lles será aplicable a limitación de prazo que establece o artigo 153.



Nestes supostos a competencia para a protección da legalidade urbanística correspóndelle á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística”.

O peche de parcelas constitúe un acto suxeito ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, de conformidade co establecido no artigo 142.3 da LSG e 360.3.i) do seu regulamento, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (RLSG).

En consecuencia, a competencia para a protección da legalidade urbanística no suposto de peche de parcelas realizados sen o título habilitante exigible sobre terreos cualificados polo planeamento urbanístico como viario público corresponde ao concello.

CONCLUSIÓN

A competencia para a protección da legalidade urbanística no suposto de construcións de muros de peche que se realicen sen o título habilitante exigible sobre terreos cualificados polo planeamento urbanístico como viario público corresponde ao concello, de conformidade co establecido no artigo 155.1 da LSG.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

